# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|---|---|---|---|
| 32016273 | IES Xesús Ferro Couselo | Ourense | 2023/2024 |

## Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|---|---|---|---|---|
| Educación secundaria obrigatoria | Proxecto competencial | 1º ESO | 1 | 35 |

| Réxime |
|---|
| Réxime xeral-ordinario |

| Contido | Páxina |
|---|---|
| 1. Introdución | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 4 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 8 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 9 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 9 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 9 |
| 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes | 10 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 10 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 11 |
| 7.2. Actividades complementarias | 11 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 12 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 13 |
| 9. Outros apartados | 13 |

## 1. Introdución

A materia de Proxecto Competencial diríxese ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
Deste xeito, a materia de Proxecto Competencial de 1º ESO do IES Xesús Ferro Couselo configúrase como un proxecto interdisciplinario que terá como temática FACENDO NOVOS AMIGOS. As actividades que se propoñan reforzarán os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os diferentes saberes.
Para facilitar a concreción curricular desta materia establécense tres bloques. No primeiro bloque, o propósito é que cada alumna e cada alumno adquiran as competencias necesarias para prever un plan de traballo de cara á realización do proxecto e a resolución de problemas.
No segundo bloque, unha vez previsto un plan de traballo, o alumnado terá que mobilizar conxuntamente as competencias transversais e os seus coñecementos para, segundo as pautas establecidas para executar os proxectos planificados.
No terceiro bloque, abórdase a presentación do proxecto competencial por parte do alumnado. Reforzarase a presenza da comunicación nas aulas, máis que a simple exposición do traballado se busca tamén a presentación dun discurso. Por outra banda, neste bloque inclúense aspectos relacionados co emprego de soportes audiovisuais e informáticos que serven de apoio.
Desta maneira, a través da realización de proxectos significativos e da resolución colaborativa de problemas, oriéntase o alumnado para comprender a realidade social, resolver conflitos de forma reflexiva, dialogar para mellorar, respectar os valores universais, crear un sistema de valores propios e participar activamente na vida cívica de forma pacífica e democrática.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna. | 1 | | | 1 | 1-5 | 3 | 1-2-3 | |
| OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conxuntamente as competencias transversais que se requiran. | 1-3 | | 5 | 3 | 1-3 | 2 | 3 | |
| OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais. | 1-5 | 3 | 3 | 2-3 | 1-3 | | | 3-4 |

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | This is me! | Traballaranse os elementos relacionados con el entorno próximo de los alumnos, familia, amigos e escola.. | 45 | 14 | X | | |
| 2 | This is where I live | Achegarémonos a aqueles aspectos do medio no  que viven os alumnos tales como a cultura, literatura, musica, arte e tradiciones. | 35 | 12 | | X | |
| 3 | Healthy lifestyle week | Traballarase na búsqueda de formas de vida e hábitos saludables entre os xóvenes. | 20 | 9 | | | X |

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 1 | This is me! | 14 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Explicar o porqué do proxecto | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Escoller mínimo dous recursos | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Burcar información e seleccionar a información necesaria | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Facer unha temporalización coherente co tempo asignado ao proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Identificar posibles incidencias e a súa posible resolución. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Levar a cabo a secuencia de traballos no tempo estimado. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Elaborar un proxecto no que se reflexen os contidos  de Bioloxía e Xeoloxía no seu resultado | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os materiais e recursos plantexados no comezo | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver incidencias ou buscar axuda no profesor/compañeiros. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Ser capaz de facer autoavaliación do proxecto. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os contidos do proxecto | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Explicar de maneira clara a información. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Coidar a expresión corporal na exposición do proxecto. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Manter unha actitude positiva e motivadora na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Usar ao menos un recurso de apoio á exposición | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos.<br>- Planificación: secuenciación e temporalización.<br>- Execución de proxectos: dinámicas e roles.<br>- Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br>- Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 2 | This is where I live | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Explicar o porqué do proxecto | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Escoller mínimo dous recursos | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Burcar información e seleccionar a información necesaria | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Facer unha temporalización coherente co tempo asignado ao proxecto. | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Identificar posibles incidencias e a súa posible resolución. | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Levar a cabo a secuencia de traballos no tempo estimado. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Elaborar un proxecto no que se reflexen os contidos de Xeografía e historia no seu resultado | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os materiais e recursos plantexados no comezo | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver incidencias ou buscar axuda no profesor/compañeiros. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Ser capaza de facer autoavaliación do proxecto. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os contidos do proxecto | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Explicar de maneira clara a información | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Coidar a expresión corporal na exposición do proxecto | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Manter unha actitude positiva e motivadora na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Usar ao menos un recurso de apoio á exposición | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. |
| - Planificación: secuenciación e temporalización. |
| - Execución de proxectos: dinámicas e roles. |
| - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. |
| - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|---|---|---|
| 3 | Healthy lifestyle week | 9 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|---|---|
| CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar. | Explicar o porqué do proxecto | TI | 100 |
| CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto. | Escoller mínimo dous recursos | | |
| CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa. | Burcar información e seleccionar a información necesaria | | |
| CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto. | Facer unha temporalización coherente co tempo asignado ao proxecto | | |
| CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e propoñer posibles solucións a estas. | Identificar posibles incidencias e a súa posible resolución. | | |
| CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista. | Levar a cabo a secuencia de traballos no tempo estimado. | | |
| CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias cos niveis de calidade requiridos. | Elaborar un proxecto no que se reflexen os contidos de Lingua e Literatura galega no seu resultado | | |
| CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións. | Empregar os materiais e recursos plantexados no comezo | | |
| CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións. | Resolver incidencias ou buscar axuda no profesor/compañeiros. | | |
| CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto. | Ser capaz de facer autoavaliación do proxecto. | | |
| CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos. | Presentar os contidos do proxecto | | |
| CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Explicar de maneira clara a información. | | |
| CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalzar a expresividade e eficacia do discurso. | Coidar a expresión corporal ne exposiciçon do proxecto. | | |
| CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas. | Manter unha actitude positiva e motivadora na exposición. | | |
| CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto. | Usar ao menos un recurso de apoio á exposición | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| - Procura e selección de información relacionada cos proxectos.<br>- Planificación: secuenciación e temporalización.<br>- Execución de proxectos: dinámicas e roles. |

| Contidos |
|---|
| ⁻ Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta.<br><br>⁻ Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto. |

## 4.1. Concrecións metodolóxicas

O uso das TIC DEBERÍA SER o recurso didáctico de referencia, e polo tanto, o modelo metodolóxico principal que se aplicaría na materia SEMPRE E CANDO O ALUMNADO DISPUXERA DE ORDENADOR NA AULA OU NUN LUGAR HABILITADO ( Neste momento non é posible ). No caso de ser posible un dos modelos usado será o denominado Flipped Classroom (Clase invertida), de maneira que o profesorado utilizará materiais e recursos de creación propia e recursos educativos abertos seleccionados de internet ou de outras fontes, favorecendo unha educación individualizada e personalizada coa utilización de ferramentas TIC.
Este modelo complementarase co de Aprender facendo e ensinando, onde o alumnado construirá o seu coñecemento facendo tarefas con outros (traballo colaborativo), a partir da experiencia e a exploración, do ensaio e erro, da análise e a execución.
Pódese dicir que se trata de converter a clase nun espazo para realizar as tarefas, mediante un traballo en equipo ou individualmente, dirixido polo profesorado. Previamente, e despois dunha explicación do profesorado, o alumnado aprende ou visualiza o contido a través de videotutoriales, documentos escritos, ligazóns de internet, referencias do libro de texto, etc.

Para a posta en práctica desta programación utilizarase a aula virtual do centro.

Ao longo do curso poderanse levar a cabo diversos tipos de actividades:

Actividades de presentación-motivación: Para introducir ao alumnado no tema que se aborda e espertar o seu interese sobre os contidos da unidade, poderá establecerse un pequeno debate a partir dalgún artigo de prensa, noticia de actualidade, etc..., relacionado co tema a tratar, realizar unha tormenta de ideas con preguntas abertas ou analizar e comentar un vídeo relacionado co tema.

Actividades de avaliación de coñecementos previos: Para obter información acerca de que saben e que procedementos, destrezas e habilidades ten desenvolvidas o alumnado sobre un tema concreto, pode realizarse unha tormenta de ideas sobre os principais conceptos da unidade, ou un test de coñecementos previos co que o profesorado pode facerse unha idea de cada alumno/a e da clase en xeral. Non se trata de poñer unha cualificación ao alumnado, senón de proporcionar ao profesorado información que necesita para favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.

Actividades de desenvolvemento dos distintos contidos: Coa finalidade de que o alumnado adquira novos coñecementos, empregaranse varios métodos:
- Método dogmático-maxistral: Para introdución a un tema ou unidade, exposición de temas puntuais ou propostas de técnicas de traballo.
- Método histórico: Para un breve estudio dun concepto a través do tempo.
- Método de proxectos: Para a realización dun traballo concreto, incluíndo a fase de deseño, planificación e elaboración final.

Actividades de consolidación: Para que o alumnado contraste as novas ideas coas previas e aplique as novas aprendizaxes, realizará actividades nas que se traballarán un conxunto de coñecementos, capacidades e actitudes (competencias clave) relacionados coa unidade didáctica correspondente.

Actividades de síntese-resume: Para que o alumnado estableza a relación entre os distintos contidos aprendidos, así como contrastalos cos que xa tiñan, poden elaborar mapas conceptuais sobre os contidos da unidade ou elaborar un resume.

Actividades de reforzo: Para o alumnado que non alcance os obxectivos ou que teña un ritmo de aprendizaxe máis lento deseñaranse actividades destinadas a desenvolver os contidos de reforzo.

Actividades de ampliación: Para o alumnado que teña un ritmo máis rápido de aprendizaxe realizaranse actividades como a procura de información sobre algún dos contidos da unidade en outras fontes das proporcionadas de xeito ordinario na aula.

A participación do alumnado poderase potenciar nesta materia mediante a exposición de traballos, a resolución colaborativa de problemas, a utilización colectiva de recursos virtuais ou a procura e a análise de información en internet, aspectos que tamén favorecen a propia aprendizaxe.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|---|
| Materiais TIC |
| Caderno |
| Computer/Internet |
| Programas de diseño como CAMBA para realizar posters online |
| Libros de texto de inglés |
| Libros de literatura inglesa |
| Uso de ferramentas dixitais como blogs, podcasts, boletines informativos |
| Material para montar exposicións: papel continuo, cartolinas e demais material funxible. |

Os materiais e recursos empregados serán variados atendendo á diversidade do alumnado e aos seus intereses e destrezas.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso levarase a cabo unha serie de activiades de avaliación inicial baseadas nas competencias clave. Desta actividades obteremos información sobre posibles necesidades educativas, o punto de partida do proceso de ensino-aprendizaxe, posibles modificacións na metoloxía e recursos a utilizar.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | Total |
|---|---|---|---|---|
| **Peso UD/ Tipo Ins.** | **45** | **35** | **20** | **100** |
| **Táboa de indicadores** | 100 | 100 | 100 | **100** |

**Criterios de cualificación:**

A cualificación final da materia obteríase a partir dos resultados das tres avaliacións, e calcularíase mediante a expresión matemática seguinte:
Avaliación final ordinaria= (30 × Nota 1ª aval + 35 × Nota 2ª aval + 35 × Nota_3ªaval)/100

No cálculo das cualificacións das distintas avaliacións, cando o resultado non sexa un número enteiro, redondearase ao enteiro superior, se a parte decimal e igual ou superior a 0,5 ou ao enteiro inferior se a parte decimal é menor de 0,5

**Criterios de recuperación:**

Ao longo do curso, o profesorado establecerá o procedemento para poder recuperar partes da materia non superadas o remate de cada avaliación. Dita recuperación consistirá na realización por parte do alumnado dunha serie de tarefas encamiñadas a recuperar as partes non superadas .

## 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Debido a que esta materia se implanta como materia nova neste curso 23-24 non se contempla a posibilidade de procedementos de seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente ao non haber alumnado coa materia pendente

## 6. Medidas de atención á diversidade

Ao comezo do período lectivo o profesorado realizará unha avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades.
Tamén se terá en conta a información recibida da persoa titora e do departamento de Orientación sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas, ou persoais con incidencia educativa. Esta información poderá proceder:
- Dos informes individualizados de avaliación de cursos anteriores.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.

A partir disto poderanse establecer, se procede, unhas medidas se atención á diversidade como as seguintes:

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS LENTO.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes da unidade didáctica, presentar a unidade de forma máis personalizada, procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido, etc.
- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido), reforzo permanente dos logros acadados para elevar a autoestima-autoconcepto do alumnado, creación dun clima na aula na que o alumnado non tema expresar as súas dificultades, simplificación das actividade, etc.

ALUMNADO CUN RITMO DE APRENDIZAXE MÁIS RÁPIDO.
- Propor actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.
- Implicar a este alumnado para axudar a compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.
- Adaptacións curriculares de ampliación ou enriquecemento vertical, que consisten en aumentar a cantidade de contidos para aprender nunha ou varias áreas.
- Ampliación curricular de enriquecemento horizontal, onde o aumento cuantitativo de contidos queda nun segundo lugar, mentres que prevalece a súa profundidade e a realización de interconexións entre os contidos que se

aprenden.
No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de Orientación do centro., e que estarán recollidas no plan anual do centro de atención á diversidade.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 |
|---|---|---|---|
| ET.1 - Tratamento e fomento da lectura | X | X | X |
| ET.2 - Expresión Oral e escrita | X | X | X |
| ET.3 - Competencia dixital | X | X | X |
| ET.4 - Fomento da convivencia no centro | X | X | X |
| ET.5 - Educación emocional e en valores | X | X | X |
| ET.6 - Igualdade de xénero | X | X | X |
| ET.7 - Fomento do proxecto lingüístico do centro | X | X | X |

**Observacións:**

TRATAMENTO E FOMENTO DA LECTURA. Desde esta materia, e tendo en conta o Plan lector do centro, intentaranse levar a cabo propostas de traballo onde xurdan procesos implicados na competencia lectora. EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA Promoverase a resolución das tarefas de clase e elaboración de documentación, utilizando un vocabulario correcto e axeitado, reforzando o vocabulario propio da materia. Tamén se traballarán técnicas de comunicación de ideas, e exposición oral das resolucións dadas a determinadas tarefas por parte do alumnado. COMPETENCIA DIXITAL Na materia fomentarase a capacidade do alumnado de poñer en práctica coñecementos, habilidades e actitudes á hora de acceder á información, construír con ela coñecementos propios, expresala e difundila, producindo documentos persoais e utilizando para iso medios dixitais. Esta materia contribuirá tamén ao desenvolvemento do Plan Dixital do centro. FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO A través da materia e tendo en conta as Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia do centro intentarase contribuír ao labor de concienciación sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe. EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES Desde esta materia tamén se quere transmitir unha serie de valores ao noso alumnado para que os apliquen á súa vida cotiá (aprender a ser responsable, respectuoso/a, empático/a, ...). IGUALDADE DE XÉNERO Intentarase concienciar ao alumnado para que actúe de maneira crítica ante as situacións de desigualdade que perciba no seu contorno e fóra del, e para que recoñeza as relacións interpersoais e sociais desde a natural diversidade de xénero, sexo e orientación sexual, como parte dunha realidade plural e enriquecedora. FOMENTO DO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO Respectarase o establecido no proxecto lingüístico do centro, colaborando nas actividades organizadas para a dinamización da lingua galega.

### 7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|---|---|---|
| Intercambio dixital con alumnos de outros países | O alumnado terá a oportunidade de establecer contacto con alumnos de otros países de lingua inglesa.. | X | X | X |

**Observacións:**

A realización destas actividades e o número das mesmas dependerá do funcionamento dos recursos informáticos así como dos horarios lectivos dos distintos grupos participantes no intercambio dixital. Por todo iso será esencial o uso de recursos dixitais como blogues, forums, chats, etc. que fagan posible o contacto e a interacción entre o alumnado con outros países de fala anglosaxoa.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico |
| A selección e temporalización de contidos foi axeitada. |
| Participación activa de todo o alumnado estivo presente en todas as unidades |
| Os criterios de avaliación e cualificación foron claros. |
| Os instrumentos de avaliación foron variados |
| Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e cualificacións. |
| Realizáronse actividades para que o alumnado recuperara as partes non superadas da materia. |
| O que estivo ben foi. |
| O que estivo mal foi. |
| Propostas de mellora. |
| Metodoloxía empregada |
| Os recursos e materiais utilizados foron axeitados. |
| As actividades propostas foron variadas e axeitadas para o desenvolvemento dos contidos. |
| Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas |
| Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación |
| Medidas de atención á diversidade |
| As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades do alumnado. |

| Clima de traballo na aula |
|---|
| O ambiente da clase foi axeitado e produtivo. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais |
| As familias implicáronse e apoiaron o traballo do alumnado |
| Facilitouse ao alumnado e ás familias o coñecemento dos criterios de avaliación e cualificación. |
| Existiu coordinación entre o profesorado que imparte a materia |

**Descrición:**

Ao final de cada período de avaliación ou de cada unidade didáctica, farase unha avaliación da práctica docente mediante unha táboa de cotexo ou unha rúbrica, coas que se poderá obter información ao respecto. Estás táboas poderán ser cubertas tanto polo alumnado como polo profesorado da materia. Nas reunións de departamento analizaranse o resultados desta avaliación da práctica docente.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O profesorado da materia fará un seguimento do cumprimento da programación. Para iso ao finalizar cada unidade didáctica, e través da aplicación PROENS, no apartado de "Seguimento", comprobaranse as datas de inicio e final de cada unidade, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade. No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Nas reunións do departamento tratarase sempre como un dos puntos da reunión, o seguimento da programación didáctica.

Antes de rematar o período lectivo, o alumnado fará unha avaliación da actividade docente baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

Do mesmo modo, tamén se fará unha avaliación e memoria da programación da materia onde se recollerán os seguintes apartados:
A.- Porcentaxe do cumprimento da programación.
B.- Xustificacións da parte da programación non impartida.
C.- Modificacións introducidas durante o curso en relación coa programación didáctica.
D.- Motivos das modificación feitas.
E.- Propostas de melloras para a programación didáctica do próximo curso.
F.- Análise dos resultados das avaliacións do alumnado.

## 9. Outros apartados